6 de febreiro de 2013. Con motivo do "Día Mundial dos Humidais" celebrado esta pasado 2 de febreiro, a Xunta declarou 9 lagoas como "zonas sensibles" dentro do Plano Hidrolóxico Galiza-Costa, incidindo en que estes humidais, entre os que se atopa A Frouxeira, están segundo a Xunta "entre os ambientes máis ameazados pola drenaxe, a contaminación e a sobreexplotación dos seus recursos". Porén, resulta bochornoso que en pleno inverno, o humidal da Frouxeira estea case sen auga, presentando unha marcada alteración do seu ciclo hidrolóxico, e que tal estado débase precisamente a que a D. X. de Conservación da Natureza abríu recentemente unha
canle de desaugue con bulldózers e pás
. Estas aperturas perpetradas á marxe da lei e
reiteradamente denunciadas por ADEGA
levaron á práctica desecación da lagoa en plena tempada de chuvias. Hai que ter cara para engadir outra figura de protección á Frouxeira cando a propia Xunta viola sistemáticamente as 4 xa existentes (LIC, ZEPA, ZEPVN, e Ramsar).

É indecente que a propia Consellería de Medio Ambiente declare agora a Frouxeira como unha "zona sensíbel" cando é a propia Consellería a que adica cartos públicos a abrir reiteradamente con maquinaria pesada este humidal para desecalo (eufemísticamente "baixar o nivel hidrolóxico") sen ningún tipo de criterio ambiental, á marxe da lei e guiada só por intereses urbanísticos.

25/01/2012